Mestres e escolas en Cangas 1818-1936 (II)

Nesta entrega o autor céntrase sobre as tentativas de control do caciquismo sobre os docentes e o ensino



Unha ilustración cun mestre no rural e outro urbano durante o século XIX. ARQUIVO DO AUTOR

Xerardo Dasairas*

17·07·22 | Faro de Vigo-Morrazo

https://www.farodevigo.es/o-morrazo/2022/07/17/mestres-escolas-cangas-1818-1936-68389246.html

Nesta entrega imos deternos en varios casos que resultan interesantes para a análise da influencia que o caciquismo da Restauración tamén exercía no estamento docente. Non hai moitos estudos neste sentido e por iso consideramos expór todas as circunstancias proviñentes dunha práctica política asumida da que non se libraban as clases proletarias, pero tampouco as forzas da orde e incluso os párrocos.

Na altura de 1887 xa se equiparara o soldo de mestres e mestras, seguindo Cangas con dúas escolas na vila, cadansúa de nenos e nenas, dotadas con 1.100 pesetas. anuais para os docentes, a mixta de Coiro pasara a completa con 625 pesetas. e as de Darbo e Aldán eran mixtas incompletas con 250 pesetas anuais. O presuposto que Cangas destinaba ao ensino nestas datas era de 5.695 pesetas. e incluía o soldo dos mestres e os alugueiros dos locais da escola e das casas dos mestres, correndo o Estado escasamente coa dotación do material escolar pois máis dunha vez se fixeron colectas públicas para poñelo de novo ou amplialo.

Mestres que exerceron en Cangas nestas datas				
	1879 - 1896	**1897 - 1902**	**1902 - 1906**	**1907 - 1911**
Cangas Nenos Nenas	Ramón A. Soler Gómez (Ata 1892) Manuel Cabanelas Pedrosa (Ata 1894) Román Ancoechea (Interino) Evaristo Usera Sánchez (1896) Josefa González Monís (Ata 1891) Inocencia González (Ata 1894) Peregrina Carabelos Dios (Ata 1896)	Avelino Vergara Rufina Giráldez Pérez Antonio Caamaño (Int. 1900)	Avelino Vergara (Ata 1905) Rufina Giráldez Pérez	José Vázquez Abellás (1907) Rufina Giráldez Pérez (Ata 1909) Regina Martínez Moreira (1910)
Aldán Mixta	Joaquín Piñedo Viñas	José M. Bermúdez Bastón (Ata 1901) Celestino Veiga Garrido (Interino)	Manuel Bermúdez García (1902)	Manuel Bermúdez Álvaro Fernández
Hío Mixta	Manuel Bermúdez García (1890)	Manuel Bermúdez García Teresa Gª. Hermo (Int.) Donata Gregorio Posada (1902)	Donata Gregorio Posada	Donata Gregorio Posada
Coiro Mixta	J. Antonio Caamaño Mnez. (ata 1890) Miguel Bouzó Fdez. (Interino) J. Rodríguez Dominguez (1890)	José Rodríguez Domínguez. Joaquín González Blanco (1904)	José Piñeiro Francisco Rodríguez Soliño Gabriel Gayoso Sánchez (1906)	Gabriel Gayoso Sánchez
Darbo Mixta	Manuel Refojos Graña (ata 1886) Encarnación De las Heras Bugarín (Int.) Juan Rilo Castro (1887) permuta con Josefa Blanco Mourente (1891-1897)	Virginia González Pérez (1898)	Virginia Glez. Pérez Hermelinda A. Cid Arribas (Int.) Mª Dosinda Verdia Buján (1906)	Mª Dosinda Verdia Buján (1906)
Cangas Privad.	*Escola particular de Manuela Castro na Fonte Ferreira.	*En 1901 hai duas escolas de nenas privadas atendidas por Aurora Borines unha e por Jesusa Temes a outra.	*En 1906 abre a escola de Padroado de Benigno Soage a cargo do mestre Álvaro Fernández Rey.	*En 1910 hai un colexio chamado da Inmaculada con Elena Fernández como mestra e A. Borines segue co seu.
*A comezos do século XX impartían clase de música os profesores Cecilio de la Gándara, Fernando Costa, Alejandro Carballo, Cástor González e Juan Goday				

Cadro cos mestres que exerceron en Cangas entre finais do século XIX e principios do XX. ARQUIVO DO AUTOR

Xa antes, desde o 22 de novembro de 1886, a Junta de Instrución Pública de Pontevedra, a instancias do Concello, tíñalle aberto un expedente "por faltas que se le suponen en el ejercicio de su cargo", ao mestre da escola de nenos de Cangas Ramón A. Soler. En xullo do ano seguinte vai ser o propio alcalde quen lle dea un tempo ao devandito mestre para que se descargue das acusacións ante calquera autoridade menos a xudicial, senón será levado a cabo o expedente. Mentres seguían os lentos trámites do expedente, o mestre Soler continuaría atendendo a súa escola de Cangas para desesperación dos caciques causantes do mesmo, cuxo obxectivo era cambiar un mestre incómodo e moi crítico coa precariedade educativa do concello que, segundo a Lei, debería contar con máis escolas pola súa poboación.

En 1887, este feito xa ultrapasara os límites do concello e a pesar dos escritos de apoio ao mesmo, a comezos de marzo de 1890 a Junta de Instrucción ditamina que fose trasladado fóra da provincia. Mais, ao tempo, o mestre presentaría unha solicitude demandando do ministro de Fomento un voto de gracia e xustiza para o seu caso, que ao finalnon foi atendido, sendo destinado a Viveiro. Por unha serie de casos semellantes a este e doutro carácter, os mestres van crear neste mesmo ano a Asociación de Mestres do distrito de Santiago que nestas datas abranguía toda Galicia.

Mestres e política en 1887: O caso Soler

Según se nos asegura, parece que se está formando expediente para trasladar a otra provincia al Maestro de la Escuela de niños de Cangas, D. Ramón Soler. Cremos que la Junta de Instrucción pública, llamada á entender en dicho expediente, no está enterada de lo que pasa en aquel Distrito, donde las luchas políticas todo lo envenenan y no se perdona medio para aniquilar al contrario, aunque sea este persona tan digna de respeto como el Sr. Soler.

Este distinguido profesor es uno de los más reputados de la provincia por sus conocimientos, honrado proceder y laboriosidad en su larga carrera; y cuando era de esperar que sus servicios recibiesen el premio merecido, con profunda extrañeza nos encontramos conque se haya sujeto á un expediente para trasladarle a otra provincia, tras largos y dilatados años consagrados a la enseñanza

Llamanos la atención de las autoridades superiores sobre lo que la saña pretende hacer contra un respetable funcionario, que ha presentado una información que le enaltece como tal en aquel pueblo, firmada por un considerable número de padres de familia que rinden así un debido tributo de justicia á las especiales dotes del Sr. Soler para la enseñanza.

Esperamos que los que, movidos por fines bastardos, intentan matar las más acrisolades reputaciones y han hecho de aquel desdichado Distrito un semillero de odios crecientes y bajas intrigas, se estrellarán ante la rectitud de los llamados a resolver sobre la separación del maestro de Cangas

*Ramón Soler levaba exercendo como mestre en Cangas desde 1879 cando no xogo ideolóxico destes anos, impregnado de actitudes caciquís, viuse desprazado do seu posto, quizáis por razón da sua postura ideolóxica ou porque na sua praza alguén quería poñer a un achegado. Contodo, o mestre Soler ainda seguiría en Cangas ata 1892, deixando neste caso unha testemuña de como funcionaban as cousas nestas datas.

Unha crónica sobre o caso do mestre Soler, en 1887. ARQUIVO DO AUTOR

Nos primeiros meses do ano 1888 e aínda co ruido de fondo do caso dos mestres de Cangas, van xurdir protestas entre algúns docentes pois nesta altura, o Concello aínda non lles devengara os haberes correspondentes. Neste ambiente de control municipal das escolas, en xuño deste ano vai ser nomeado mestre de Coiro José Caamaño Martínez, pero un ano e medio despois vai ser suspendido de emprego e de medio soldo (312,50 pesetas.) pola súa continuada inasistencia, nomeándose outro mestre en 1890 xa coas 625 pesetas. de soldo e 75 pesetas para a casa-habitación que lle correspondían a esta escola mixta e completa. Ao final, Caamaño conseguiría que lle desen a dipensa, segundo el provocada polo defecto físico que padecía.

Rebaixa de soldos

En xullo do mesmo ano 1890, o Concello de Cangas, considerando moi elevado o gasto en mestres pretende que se lle rebaixe o soldo aos dous de Cangas e máis ao de Coiro, abríndose por isto un proceso que mesmo vai chegar ás autoridades educativas de Madrid. Ata finais de xuño de 1892 non só se resolvería este tema, denegándolle ao Concello esta petición de rebaixa salarial, ditaminada como irregular e ilegal, senón que mesmo serían conminadas as autoridades educativas galegas a que obrigasen ás autoridades de Cangas a cumprir coa legalidade vixente.

Nomeamentos irregulares en Cangas. 1897

"Por no haberse posesionado dentro del plazo legal de la Escuela de niñas de Cangas, la maestra D.ª Sabina Cepeda, fué nombrada por la Dirección general para dicha plaza D.ª Rufina Giráldez Pérez de Nigrán".

No es exacto que la Sra. Cepeda no se haya posesionado dentro del plazo reglamentario de la Escuela de Cangas. Dos veces ha ido á dicho pueblo con aquel objeto, y lo que pasó, para que aquella maestra no se posesionase como se posesionó de la escuela de niños de Cangas, el compañero de la Sra. Cepeda, Maestro de Covelo como ella, eso lo sabe bien aquella Maestra, y los que la hayan estorbado la posesión, que tan inexactamente asegura que no tomó.

Es verdad que mientras haya Maestros con tan poco decoro, que asciendan de una Escuela de 825 pesetas á otra de 1.100 por medio de certificaciones falsas del censo de un pueblo, todo lo demás que se haya hecho contra la Sra. Cepeda, en odio á los que han de perseguir en su tiempo y sazón aquella falsedad, y creen que á su sombra pueden prosperar esos ascensos, todo resulta pálido; pero paciencia y esperar. Esto es lo que aconsejamos a la Sra. Cepeda.

"Ha sido desestimado por la Dirección General de Instrucción pública el recurso de alzada interpuesto por el Maestro de La Guardia, D. Manuel Rodríguez Sinde, contra un acuerdo de la Junta provincial por el cual se concede una plaza á mérito en la 3ª clase del escalafón de Maestros de esta provincia, al que lo es de la Escuela de niños de Cangas D. Avelino Vergara".

Se recomienda al ilustrado maestro de La Guardia investigue como adquirió el ex-Maestro de Covelo y hoy de Cangas todos esos méritos para figurar en la 3ª clase del escalafón. Al señor Vergara le dura la racha de la fortuna, pero como esta suele ser tornadiza, puede ser que algún día quiebre para el ex-Maestro de Covelo, que obtuvo su ascenso en aquella escuela por los "legítimos" medios que el sabe.

Nova sobre nomeamentos irregulares en Cangas no ano 1897. ARQUIVO DO AUTOR

Esta referíase ao número de establecementos escolares que debía haber e que fixaba para nenos e nenas, catro escolas en Cangas e dúas en cada parroquia, número que apenas chegaba á metade. Con todo, se ben as autoridades canguesas non conseguiron o seu propósito de rebaixa dos soldos, tampouco crearían as escolas que debía ter por Lei o concello ata xa avanzado o século XX e seguirían practicando escuras manobras nos nomeamentos dos mestres.

A cara favorable deste panorama viría dada pola creación a finais do ano 1890 dunha escola mixta incompleta no Hío, resaltando tamén nesta data, a trascendencia mediática local que se lle dá a que, por primeira vez un mestre de Cangas, David Pérez Mandado, destinado en Rodeiro, alcanzase o cargo de Inspector de Ensino, sendo destinado para Xaén.

A mediados de abril de 1894, as dúas escolas, de nenos e nenas, foron clausuradas por un brote de sarampelo de carácter epidémico e no mes seguinte a escola de nenos da vila vai recibir unha placa co nome e o escudo de España así como unha bandeira para que ambos fosen colocados no exterior do local.

En 1895, a Asociación de Mestres xa está moi pendente do que acontece en Cangas cos mestres e fai público que unha mestra vai acceder irregularmente para a escola de nenas de Cangas polo que esta intención, logo manifesta, se aprazaría ata o ano 1897. Nestas datas xa funcionaba unha escola particular e a mediados de maio de 1896 abriría tamén en Cangas, un colexio privado

católico de nenos onde se di que recibirán educación gran número de escolantes. Estaba presidido por Rafael Graña e Antonio Refojos, nomeando presidente honorario ao padre Matías. Instalaríase nunha casa do mestre J. Antonio Caamaño, que exercera de interino en Coiro e Cangas, situada na praza da Fonte Nova (praza do Señal) aínda que non sabemos se foi adiante.

Voto de Gracias ao mestre Vergara en agosto de 1897

La Junta Local de 1ª Enseñanza de Cangas se lo ha concedido al Maestro de esta villa cuya acta dice así:

"Hechos presentes por el Sr. Alcalde los brillantes resultados obtenidos por los alumnos que concurrieron á la Escuela gratuita de adultos, que desempeño desde el primero de Noviembre de 1896 hasta el 30 de Mayo de 1897, el maestro de la escuela completa de esta villa, D. Avelino Vergara, además de consagrarse con toda puntualidad y notable aprovechamiento, á cumplir exactamente con las obligaciones de su cargo durante las horas reglamentarias de clase por la mañana y tarde, como lo prueban los adelantos que en sus discípulos se notan y el aumento de niños matriculados desde que el tal maestro se halla al frente de la citada Escuela.

El Ayuntamiento, á propuesta del dicho Sr. Alcalde Presidente acuerda por unanimidad conceder un expresivo Voto de Gracias al referido Maestro D. Avelino Vergara, librándole certificado de este acuerdo á los efectos consiguientes y para que le sea de estímulo en su carrera".

O texto sobre o recoñecemento e "Voto de Gracias" ao mestre Vergara. ARQUIVO DO AUTOR

A comezos de febreiro de 1897 e dentro do corpo de mestres vai xurdir a polémica polo fallido nomeamento da nova mestra para a escola de nenas de Cangas, alegando que a nomeada non tomara posesión, asunto que ela desminte pois acredita que estivo no Concello da vila dúas veces con ese motivo pero foi estorbada nese asunto. Xorden entón sospeitas de escuras manobras neste tema e incluso sobre o tamén recén nomeado mestre de nenos recaen acusacións de falsificación dos censos para acceder a escolas de maior contía salarial.

A pesar da presión mediática e os recursos interpostos, estes mestres afianzaríanse nos seus postos e incluso o mestre Avelino Vergara, como continuaran as denuncias contra el, logo contaría cun "Voto de gracias" da Junta Local de 1ª Enseñanza pois xunto co mestre de Coiro José Rodríguez van iniciar as clases nocturnas para adultos. Esta Junta Local, que debeu constituirse nestas datas, vai ter un periodo de vixencia de oito anos e nela figuraba un concelleiro, o párroco de Cangas e tres pais de alumnos. Ademais de descargar ao alcalde do control sobre o ensino, entre as accións desta Junta van destacar de ano en ano, as distincións e votos de grazas públicos a algúns mestres así como determinados premios en cartos para material das escolas.

Expedente aberto ao Concello de Cangas en 1892 por incumprimento da Lei e rebaixa do soldo dos mestres

El Consejo de Instrucción Pública emite el informe que le fué pedido: "El Ayuntamiento de Cangas (Pontevedra), consta de una población de dercho de 7.696 habitantes distribuida en una villa, cinco parroquias, tres aldeas, cinco lugares y cuatro caseríos. Cuenta la villa con 2.238 habitantes y sostiene en ella una Escuela de niños y otra de niñas, dotadas cada una con 1.100 pesetas de sueldo anual. En la parroquia de Coiro sostiene una Escuela completa de niños con 625 pesetas. En Darbo una incompleta dotada con 250 pesetas. En Aldán otra incompleta con 250 pesetas. En Hio, otra incompleta con 250 pesetas.

Por Real Orden se niega la reducción de sueldo a 525 pesetas de las 1.100 que hoy tiene la Escuela de niños del Ayuntamiento de Cangas, una vez que éste está obligado á sostener por razón del censo de dicha villa, dos Escuelas elementales de niños y otras dos de niñas, no contando actualmente más que con una de aquéllos y otra de éstas; que sólo en el caso de que el referido municipio crease una de párvulos con 825 pesetas, podría accederse á lo solicitado, y que respecto a la reducción á 250 pesetas de las 625 que hoy tiene la Escuela de Coiro, tampoco se accede a ella, acordándose además que las autoridades educativas obliguen al Ayuntamiento á ajustar el servicio de la enseñanza á las prescripciones legales.

Lejos de admitir la reducción de sueldos solicitada, el Ayuntamiento debe ajustarse al artículo 100 de la Ley de Instrucción Pública pues en Cangas faltan dos escuelas completas (niños y niñas) e en las parroquias debe haber una escuela completa de niños y otra, aunque fuera incompleta, de niñas.

Nota sobre o expedente aberto ao Concello de cangas en 1892 polo incumprimento da lei e por querer rebaixar o soldo aos mestres. ARQUIVO DO AUTOR

Asociación de Mestres

Para contar cun organismo que vele polos seus intereses, vaise constituir en febreiro de 1899 a Asociación de Mestres de Pontevedra pero formando parte da dirección da Junta de Distrito de Cangas van figurar, curiosamente, o mestre Avelino Vergara que sería o seu presidente, José Rodríguez, mestre de Coiro como secretario, e Rufina Giráldez como vocal, que frearían as reivindicacións na zona. A finais de outubro deste ano vai cundir a alarma en Cangas por terse detectado varios casos de variola e de sarampelo entre a poboación escolar, procedéndose a pechar temporalmente as escolas. A Junta Local de Enseñanza vixente nestes anos estaba composta polo concelleiro Manuel Sequeiros, o párroco José Martínez e José Pastoriza, Eduardo de Haz e Manuel Cabanelas representando aos pais.

Ata o 18 de abril de 1900, o ensino, pouco valorado como elemento de transformación social, formou parte doutros ministerios e nos últimos corenta e cinco anos (desde 1855) actuaría como unha Dirección General de Instrucción Pública y Cultura, integrada no ministerio de Fomento. Precisamente, na data antedita de finais do século XIX e baixo o goberno de Francisco Silvela, vaise crear por primeira vez o Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes con varias seccións pero vai permanecer practicamente inactivo pola crise derivada da perda das colonias en 1898.

Xerardo Dasairas **Mestre e investigador*